



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xénero e educación social

Materia	Xénero e educación social			
Código	O05G130V01305			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Armada Olleros, María del Carmen			
Profesorado	Armada Olleros, María del Carmen			
Correo-e	carmenarmada@uvigo.es			
Web	http://http://webs.uvigo.es/pmayobre/			
Descrición xeral	Desde hai unhas décadas, nos países democráticos, as nenas edúcanse desde a preescolar hasta a universidade en escolas chamadas coeducativas, querendo significar que as nenas e os nenos están na mesma aula e reciben a mesma ensino. Con todo, nese tipo de escola, as nenas non efectúan aprendizaxes significativas equivalentes aos seus compañeiros homes, porque a escola, a educación formal e non formal, segue a ser unha importante correa de transmisión da dominación masculina, do privilexio epistémico outorgado pola nosa tradición á forma de conceptualizar o mundo os varóns. O resultado é que a educación non é neutral, exerce unha socialización diferencial por sexos de acordo coa orde patriarcal e impón o modo masculino de estar e relacionarse co mundo. Por iso é necesaria unha intervención educativa encamiñada á consecución da eliminación dos obstáculos, visibles e invisibles, que impiden o desenvolvemento integral das capacidades de mulleres e homes sen restricións de xénero e que permita educar para ser igualmente diferentes			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
CG2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
CG3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
CG4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
CG5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
CG6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
CE8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
CE12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Planificación e organización
CT3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega

Resultados de aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Sabe empregar os valores de igualdade e de cidadanía democrática característicos dunha cultura inclusiva	CB2 CB4	CG2 CG6	CE8	CT18
Ten capacidade para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade de xénero	CB3 CB4	CG3 CG4	CE12	CT1
É capaz de deseñar e aplicar programas e estratexias de intervención para a prevención de diferentes tipos de violencia, particularmente da violencia simbólica, de xénero o sexual.	CB2 CB5	CG5	CE8 CE12	CT2
Coñecer a estrutura patriarcal da cultura occidental, deconstruír dita cultura dende a perspectiva de xénero e ser capaz de promover e transmitir unha cultura e educación non androcéntrica.	CB1 CB4	CG1 CG4		CT1 CT2 CT3

Contidos

Tema	
1.- Bases conceptuais e históricas da construción social de xénero	1.1. A construción social de xénero como categoría analítica 1.2. Desigualdades sexuais e construción das identidades de xénero
2.- Xénero e curriculum	2.1. Feminismo e dereito a educación. 2.2. Que se debe entender por coeducación.
3.- A dominación simbólica como fonte de violencia	3.1.- Socialización e educación nunha cultura de xénero. 3.2.- A educación como transmisora de valores androcéntricos. 3.3.- Crítica o androcéntrismo na educación.
4.- Linguaxe, pensamento e poder	4.1.-Linguaxe inclusivo e non sexista.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	0	20
Seminario	3	12	15
Traballo tutelado	0	50	50
Resolución de problemas	8	20	28
Seminario	11	0	11
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	23	26

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentación dos contidos da materia.
Seminario	Actividades de exposición e análise sobre algún dos contidos da materia encamiñadas á investigación e o tratamento en profundidade sobre ditos contidos.
Traballo tutelado	Realización dun traballo de introdución á investigación relacionado coa temática da materia. Exposición por parte do alumnado ante a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre os resultados do traballo.
Resolución de problemas	Entrevistas co alumnado mantén co profesorado para asesoramento/desenvolvemento das actividades e problemas plantexados na materia e no proceso de aprendizaxe
Seminario	Exposición e debate sobre un tema relacionado co programa da materia a partir da análise previa dalgún documento escrito ou audiovisual

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Os seminarios están destinados a coñecer cunha certa profundidade un tema concreto relacionado coas exposicións teóricas
Traballo tutelado	Traballo de iniciación á investigación realizado en equipo e titorizado pola profesora sobre algunha temática relacionada co programa da materia que se expoñerá na aula.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral Proba de resposta longa	50	CB1 CB2 CB3 CB4 CG1 CG4 CT1 CT2 CT3

Traballo tutelado	Elaboración dun documento escrito sobre un tema relacionado coa materia, tamén se fará unha exposición oral do mesmo.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5 CG6	CE8 CE12	CT1 CT2 CT3 CT18
Seminario	O alumnado presenta os resultados obtidos sobre un tema de actualidade	20	CB1 CB2 CB3	CG1 CG2 CG3	CE8	CT1 CT2 CT3 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Sobre o traballo tutelado :O comenzo do curso o alumnado e a profesora decidirán, se este traballo se fai de maneira individual ou en grupo. E se o traballo en grupo pode substituír o examen, o traballo tutelado entón pasaría a ser avaliado cunha cualificación do 80%. De ser así o traballo debe ser feito por todo o grupo(GM) , debe ser exposto na aula, e na exposición deben participar todo o alumnado que forma o grupo. O traballo debe abordar unha gran porcentaxe dos contidos do programa da materia. Se aguhna persoa non participa deberá facer o exame escrito.

Alumnado non presencial:

- O alumnado que non poda asistir a clase regularmente, non poida seguir a avaliación continuada nin asistir á tutorización dos traballos, realizará as seguintes probas: unha proba de contidos teóricos (50%), un traballo sobre un tema relacionado cos contidos do programa (30%), e o resumo dos libros(20%: Kiama Chimamanda " *Querida Ijeawe*le .*Como educar en el feminismo*. Ed. Literatura Random Hause 2021, "*Todos deberíamos ser Feministas* " de Kiama Chimamanda Ed. Literatura Random Hause 2020. e "*Etica para Celia*" de Ana de Miguel Ed. SA Ediciones B 2021.apuntados na bibliografía básica), sendo necesario obter, polo menos, o aprobado en cada unha das probas para superar a materia.

Segunda convocatoria: O alumnado que supere algunhas das probas ou actividades, obxecto de avaliación, conservaráselle a cualificación da parte aprobada hasta a convocatoria de Xullo. As probas non superadas serán avaliadas nesa convocatoria.

Para aprobar a materia o alumnado presencial e o non presencial deberá ter un 50% en cada unha das probas obxecto de avaliación

Para a data do exame consultar a seguinte dirección web: <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Altable, Rosario,, **Penélope o las trampas del amor**, Mare Nostrum,, 1992
- Blanco, Nieves (coord.), **Educación en femenino y masculino**, Akal, 2001
- Bourdieu, Pierre, **La dominación masculina**, Anagrama, 2000
- Jiménez, Carmen, Pérez, Gloria, **Educación y género. El conocimiento invisible**, Tirant lo Blanch, 2008
- Rodríguez, Carmen (comp.),, **La ausencia de las mujeres en los contenidos escolares.**, Niño y Dávila,
- Simón Rodríguez , María Elena, **La igualdad también se aprende: cuestión de coeducación.**, Narcea,, 2010.
- Subirats, Marina y Brullet, Cristina,, **Rosa y azul: la transmisión de los géneros en la escuela mixta.**, Instituto de la Mujer,, 1998
- VV.AA., **La cultura de género en las organizaciones escolares**, Octaedro, 2005
- Kate Millet, **Política sexual**, 978-8437626802, Cátedra, 2010
- Simone de Beauvoir, **El segundo sexo**, 978-8437637365, Cátedra, 2017
- Luce Irigaray, **Yo, Tu, Nosotros**, 978-8437610986, Cátedra, 1992
- Judit Butler, **El género en disputa**, 978-8449320309, Ediciones Paidós, 2007
- Kiama Chimamanda, **Todos deberíamos ser feministas**, 978-8439730484, Literatura Random House, 2019
- Kiama Chimamanda, **Querida ijeawe**le. **Cómo educar en el feminismo**, 978-8439732709, Literatura Random House, 2021
- Ana de Miguel, **Ética para Celia**, 978-8466665537, SA Ediciones B, 2021
- Tania Merelas Iglesias, Noelia Darriba García, Natalia Dominguez Galán, Maite Sio Docampo, Isabel Ta, **Sobre educación social y feminismo(s): el caso de Fiadeiras**, Nº 21, Revista de educación social, 2015
- Bas Peña, E; Perez de Guzmán Puya, María Victoria, **La formación y la intervención de los educadores/as sociales en cuestiones de género**, Educació social. Revista d`Intervenció socioeducti, 2016

Bibliografía Complementaria

- Herranz, Yolanda, **Igualdad bajo sospecha**, Narcea, 2006
- Lomas , Carlos, **Los chicos también lloran: identidades masculinas, igualdad entre los sexos y coeducación.**, Paidós, 2004

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase facer os traballos da materia de forma gradual e consultar as dúbidas aos docentes da materia

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen
traballo e presentación

* Metodoloxías docentes que se modifican:

O exame de preguntas de desenvolvemento será substituído por un traballo sobre os contidos da materia.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías).

As titorías levaranse a cabo do seguinte xeito, o alumnado porase de acordo coa profesora por medio dun correo electrónico para fixar unha data e unha hora , e a tutoría levarase a cabo por teléfono, correo electrónico ou por videoconferencia

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir.
non hai modificacións

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe.
non hai nova bibliografía

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas pendentes que se manteñen

Proba traballo e presentación: [Peso anterior 50%] [Peso Proposto 50%]

...

* Probas que se modifican: o exame de preguntas de desenvolvemento será substituído por un traballo.
[Proba anterior exame de preguntas de desenvolvemento 50 % => [Proba nova Traballo 50%]

* Novas probas .

* Información adicional
